

O director do Centro Asociado de Ourense da UNED, Jesús de Juana López, e o alcalde de Verín, Juan Manuel Jiménez Morán, asinaron esta tarde un convenio de cooperación educativa entre as dúas entidades que permitirá que os/as alumnos/as desta universidade realicen prácticas no Concello de Verín.

Devandito convenio busca establecer un programa de cooperación educativa a través da que os/as estudantes da UNED, matriculados/as en ensinanzas oficiais de Grado (ou equivalentes de sistemas de ensinanza de anteriores ordenacións), ou conducentes á obtención dun título de máster universitario, pode completar a formación teórico coa práctica que require o desenvolvemento de actividades profesionais. Esta formación práctica efectuarase nas diferentes instalacións municipais de Verín. A selección dos/as alumnos/as para realizar prácticas corresponderá a UNED, por medio do oportuno proceso de selección, en función das prazas ofertadas polo Concello de Verín. A duración deste convenio será anual, prorrogable tacitamente por un período indefinido.

Esta sinatura tivo lugar durante o acto da entrega de diplomas do curso “Mediación e resolución de conflitos interxeneracionais”, organizado polo Centro Asociado da UNED en Ourense e o departamento de Educación Familiar do Concello de Verín, coa colaboración da Xunta de Galicia. Este curso, que tivo lugar entre o 30 de setembro e 2 de decembro, estivo dirixido por Tiberio Feliz Murias da Facultade de Educación UNED e coordinado en Ourense por Miguel Guerra Rodríguez, e contou con máis de 160 alumnos/as procedentes de toda a xeografía galega e norte de Portugal. Os obxectivos do mesmo, cunha duración de 40 horas, foron identificar e valorar os factores que inflúen na orixe, desenvolvemento e resolución do conflito; coñecer e valorar estratexias, técnicas e programas para a solución do conflito. Así como, desenvolver as destrezas básicas necesarias para a aplicación de estratexias que faciliten o aprendizaxe de condutas positivas no entorno familiar, escolar e social. Entre os/as ponentes que participaron no curso “Mediación e resolución de conflitos interxeneracionais” atopamos a psicóloga do programa SOS Adolescentes de Cuatro Isabel Saz Martín, o Primeiro Defensor do Menor Javier Urra Portillo, o presidente da Audiencia de Ourense Fernando

Alañón Olmedo, o fiscal de menores José Manuel Ucha López, ou o psicólogo da Asociación Española de Antrozooloxía Roberto Estévez, entre outros.